


## CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAÍS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 18/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAÍS E NAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 persoas responsábel do alumnado nais dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar, das que unha será nomeada pola ANPA do IES de Rodeira. O terceiro representante continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data de hoxe está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, até as 14:00 horas do día 8 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro, na páxina web e na mensaxe Abalar de comunicación desta convocatoria. As candidaturas poderán ser presentadas até as 14:00 horas do día 12 de novembro.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 12 de novembro. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá desde o 13 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.
6. As votacións realizaranse neste IES o día 21 de novembro, das 19h00 ás 20h30. A mesa electoral constituirase o mesmo día, en acto público, ás 18h30.
7. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo dun nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
8. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Cangas, 29 de outubro de 2024

O Presidente da Xunta Electoral



Asdo.: Sérgio Alexandre Nunes Garcia